



CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA do CONCELLO, 1 - 15841 SANTA COMBA (A CORUÑA) TEL. 981880075 EMAIL: CORREO@SANTACOMBA.ES

BANDO

Polo presente bando comunícase a toda a veciñanza do Concello de Santa Comba, que neste momento son 11 os casos positivos por Coronavirus COVID-19, a maioría deles orixinados nun mesmo gromo. Están pendentes de resultados varias probas PCR que poderían ampliar este número de casos. Por este motivo, prégase a todos os veciños e veciñas deste Concello, que sexan extremadamente responsables e moi rigorosos coa protección e prevención, respectando o uso obrigatorio de mascarillas, as distancias mínimas interpersoais e o número máximo de persoas recomendado nas xuntanzas.

Por prudencia, precaución e responsabilidade, SUSPÉNDENSE o Verán Lúdico, tódolos campamentos e actividades en curso, organizadas por este Concello, á espera da evolución dos acontecementos. Nas próximas horas facilitarase novamente información e adoptaranse as medidas que procedan. Lémbrovos que a seguridade de todos e todas depende da responsabilidade de cada unha das persoas que formamos este pobo. Quero transmitir unha mensaxe de tranquilidade ao pobo xalleiro e agradecer a confianza de toda a cidadanía.

Santa Comba, 22 de agosto de 2020

O Alcalde,

David Barbeira García